

Unidade 1. Comentario 1: Filosofía Presocrática (Heráclito de Éfeso)

Fr. 1:

Sabio é que os que oen, non a min, senón ao logos (razón), coincidan en que todo é un.

Fr. 2:

Sendo esta razón eternamente verdadeira, nacen os homes incapaces de comprendela antes de oíla e despois de tela oído. Pois sucedendo todo segundo esta razón (logos), aseméllanse aos carentes de experiencia, ao facer a experiencia de palabras e obras tales cales vou desenrolando, analizando cada cousa segundo a natureza e explicando como é en realidade. Pero aos demais homes escóndeselles canto fan espertos, como esquecen canto fan durmidos.

Fr. 10:

A natureza (physis) ama ocultarse

Fr. 20:

Este mundo, o mesmo para todos, non o fixo ningún dos deuses nin dos homes, senón que foi eternamente e é e será lume eternamente vivo, que se prende segundo medidas e se apaga segundo medidas.

Fr. 22:

Cambia do lume todo e todo do lume, como o ouro das mercadorías e das mercadorías o ouro.

Fr. 23:

O sol é novo cada día